

Estimados pais e nais:

Para o vindeiro mércores, **14 de novembro**, a organización *Sindicato de Estudiantes* convocou unha folga no sector do alumnado. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugarodos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugarodos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular.

Seguindo o procedemento, a dirección do centro agarda a que os pais e nais do alumnado asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que **os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan asistir a clase.**

O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA
Entregar en secretaría do centro con 24
horas de antelación ao comezo da
folga.

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumno/a do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga estudantil convocada para o 14 de novembro de 2018.

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

O vindeiro mércores 14 de novembro o Sindicato de estudantes ferrolán e a súa rama feminista Libres e Combativas convocou unha folga con motivo da eliminación do sexismo nas aulas a través da introdución ao sistema educativo español da materia "educación sexual inclusiva". Esísexse que sexa evaluable e obrigatoria nos centros públicos e privados. Esta nova asignatura fomentará a igualdade de xéneros e o respecto polas diversas orientacións sexuais coa pretensión de educar en liberdade contra o machismo, sexismo, maltrato, homofobia e transfobia. Desta maneira, o alumnado gozará dunha asignatura que lles ofrezca un criterio sobre as relacións afectivo-sexuais que terán e presenciarán, en colaboración cos obradoiros xa ofrecidos por este centro.

Os alumnos de 3º e 4º da ESO amais os de bacharelato do IES de Mugardos decidiron apoiar a causa reclamando o seu dereito de recibir este tipo de formación excluída das materias actualmente impartidas. Por estes motivos, a Xunta de Delegados convoca a folga no centro para o mércores 14 de novembro cun prazo de antelación de 48 horas como estipula a normativa.

Firma dos delegados:

2º BACH A



2º BACH B



4º BACH A



1º BACH B



4º ESO



3º ESO A



3º ESO PMAR

